

ACTA Nº 27/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE XULLO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D.^a Libertad Cruz Couso

Escusa a súa inasistencia o concelleiro D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 6 de xullo de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 08:30 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 08:30 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 23/10 do 7 de xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións nºs 336, 340, 347 e 350/10, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para, na 336 e 350/10 recoñecer a obriga (para o pago de alugueres e asistencias técnicas na primeira, e para o pagamento dunha axuda de emerxencia social na 2ª); e na 340 e 347/10 co obxecto de dar de alta a socios no servizo da ludoteca municipal.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira

ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 92/10 – D^a ÁNGELA PIÑEIRO VÁZQUEZ presenta proxecto de construción de muro de contención de terras e obras de acondicionamento de parcela, sitios no barrio de Vilela, 194 – Tirán, redactado polos técnicos D. Francisco Mallo Lago e D. Santiago Gil Fernández, visado na data 10.06.10 para legalización do exppte. 21/10 de Reposición da legalidade urbanística.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 29 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: MURO DE CONTENCIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima será de dous metros a partir da rasante.

Pola inspección de obras verificarase unha vez concluídas as obras o estado das mesmas aos efectos de solventar as determinacións relativas o expediente de reposición da legalidade 21/10.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	108,79 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 40/10 – XOSÉ MANUEL TÁBOAS COUSO presenta proxecto básico e de execución para cubrición de terraza para uso de trasteiro en vivenda xa existente no barrio da Paradela, Moaña, redactado polo arquitecto Gumersindo Vázquez Gómez, visado o 15 de marzo de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 28 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN PARA CUBRICIÓN DE TERRAZA PARA TRASTEIRO

INFORME TÉCNICO: **Procede licencia por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 6 de maio de 2010 para Ordenanzas 1 das NN. SS municipais de planeamento..

Non require informes sectoriais.

Cédese 00,00M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 00,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario..

Superficie de parcela según medición técnica ascende a 354,05 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenz condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	259,20 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

4.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE	Roupa servicio incendios	PEYCAR	1350-22104 RC 1093	569,94
MEDIO AMBIENTE	Roupa para patrons e socorristas	PEYCAR	1340-22104 RC 1091	159,30
MEDIO AMBIENTE	Lonas rotuladas para caseta salvamento en praias	F. David Rúa Rúa	1340 22199 RC1092	295,00

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

5.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 21 de xuño de 2010 que textualmente di:

Vista a relación de facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 189 e o anexo III da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende a 127.410,21 €.

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 127.410,21 euros,

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
247	ALDAO GONZALEZ SUSANA	2310 22713	2.556,75
246	ALDAO GONZALEZ SUSANA	2310 22703	2.348,10
252	ALDAO GONZALEZ SUSANA	2310 22713	4.151,24
1213	VIVEIROS ADOA, S.L.	1710 22109	480,59
536181	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELGRAFOS	9200 22201	1.621,10
039-10	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI	2310 22620	4.140,00
538986	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELGRAFOS	9200 22221	466,90
A 55	CHAPELA FERVENZA, José	1550 21400	2.200,52
10005	URBASER, S.A.	1630 22700	19.362,60
143	CERQUEIRO, S.L.	3340 22610	417,30
Total anexo I			37.745,10

ANEXO II			
Factura	Provedor	Partida	Importe
7	VERDE VIEIRA, José Antonio	3340 22610	133,50
14-10	NAVIERA NABIA, S.L.	3340 22610	130,00
F03057	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3370 22000	63,00
F03056	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3340 22000	90,00
F03054	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2310 22000	45,88

00710	XORNAL DE GALICIA, S.A.	3320 22001	885,00
890106	S.O.RIAS BAIXAS, S.L.U.	2310 22003	51,74
2-2010	CABANA YAÑEZ, Dario Xohán	3320 22609	87,50
1-10	ASOC.CULTURAL GALEGO-BRASILEIRA ETNIA	3370 22609	200,00
4528	PAZ DISMAC, S.L.	9200 22000	159,47
943	ESPINOSA DE SOTO, José Luis	9200 22624	461,52
210.0300	ESYCSA	1320 21300	400,41
210425	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	1320 20800	89,27
109754	RIAS BAIXAS COMUNICACION, S.A.	2310 22001	313,90
5017	PAZ DISMAC, S.L.	9200 22000	331,09
90118	COMERCIAL SENRA, S.A.	3420 20203	234,32
95	PARDO FABEIRO, Antonio	9200 22624	1.144,96
3472	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	1320 22104	207,06
842	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	1320 22700	63,00
059-2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	108,30
058-2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	108,30
060-2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	436,95
061-2010	RUA RUA, F. David	1320 22199	58,00
A252	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 21000	707,66
A253	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	1.543,96
4	FERREIRO GONZALEZ, Francisco	1550 21000	1.902,40
586603	WURTH ESPAÑA, S.A.	1550 22199	186,06
2885756	GAS NATURAL, S.U.R.SDG, S.A.	9200 22120	24,81
24	RELE CALEFACCION, S.L.	1550 22199	1.992,30
471	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	1550 21400	643,15
100004	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	1550 20400	1.160,00
100005	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	1550 20400	1.160,00
100006	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	1550 20400	1.160,00
2345	FARO DE VIGO, S.A.	2310 22001	121,80
2344	FARO DE VIGO, S.A.	9120 22602	280,14
002	VILLVERDE GESTIDO, Martiño	4320 22602	2.552,00
FVO/255	NERADE NETWORK, S.L.	9200 21600	904,80
747	ELECTROAUTO CANGAS, S.L.	9200 22623	300,00
41-2010	ACUÑA LAGOS, Esteban	3320 22609	152,00
10-2010	PEREZ OTERO, Amalia	3320 22609	87,50
Total anexo II			20.681,75

ANEXO III			
Factura	Provedor	Partida	Importe
varias	GAS NATURAL, S.U.R.SDG, S.A.	varias	15.630,67

varias	GAS NATURAL, S.U.R.SDG, S.A.	varias	12.509,16
varias	GAS NATURAL, S.U.R.SDG, S.A.	varias	40.843,53
Total anexo III			68.983,36
TOTAL			127.410,21
RELACION			€

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 127.410,21 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor do 8 de xuño de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento das obrigas facturadas por Gas Galicia SDG, S.A. por superarse xa nesta data o importe de 12.000 euros as obrigas recoecidas en concepto de subministro de enerxía eléctrica,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: levantar o reparo emitido no informe do interventor municipal por entender que os gastos foron efectivamente realizados e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

6.- ANULACIÓN DE ACORDO

Na Xunta de Goberno Local do 18 de maio de 2010 tomouse o acordo de acollerse á convocatoria de axudas do programa LEADER 2007-2013 do Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo, para o proxecto de Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro, por un importe de 532.000,00 euros [punto 19 da acta]..

O GDR notificoulle ao Concello a necesidade de modificar o título do proxecto para que se poidese encaixar mellor dentro da convocatoria,

Á vista da indicación recibida, o alcalde propón:

- a) A anulación do acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de maio de 2010
- b) A adopción dun novo acordo nos termos indicados na notificación do GRD.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

7.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA”

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 da obra ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA presentada pola empresa PLYGEPE, S.L, asinada polo director de obra D. Javier Rial Lemos. Así mesmo, dáse conta da factura 10.055, do 28 de maio de 2010, por importe de 58.213,59 euros, de dita empresa.

Visto o informe do interventor municipal do 2 de xullo de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento da obriga derivado da aprobación da certificación nº 1 pola non incorporación ao expediente da documentación que se requiría no seu informe do 08.03.10, pola falta de parte da documentación requirida ao adxudicatario provisional no prazo establecido para iso, polo retraso na adxudicación definitiva do contrato, pola non acreditación da situación de desempregado dos traballadores contratados, e pola falta de informe sobre subcontratación

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo interventor municipal por entender que se seguiron os trámites legais previstos na lei e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración ao estar a obra efectivamente realizada; e ante a imposibilidade de subsanación dos defectos de tramitación detectados, solicitar que nas sucesivas certificacións se presente informe sobre a subcontratación.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 1, de data 28 de maio de 2010, por importe de 58.213,59 € da obra *Acondicionamento de local para Escola de Música, Moaña*.

Terceiro: Aprobar a factura de PLYGEPE, S.L. nº 10.055, de data 28/05/10, por un importe de 58.213,59 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 3250.63200.

8.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN, CONTRATACIÓN ARTÍSTICA, PRODUCCIÓN E PUBLICIDADE DA XXVI EDICIÓN DO FESTIVAL INTERCÉLTICO DO MORRAZO.

A Xunta de Goberno, en data 7 de xuño de 2010, acordou aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a adxudicación do contrato de servizos de organización, contratación artística, produción e publicidade da XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo, aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- MEDIA ARTICKET S.A.
- SARAIBA PRODUCIÓNS.

- NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L.

No prazo concedido se presentan as seguintes ofertas:

- NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L., nº de rexistro de entrada 4.946 de 21 de xuño de 2010.

- MEDIA ARTICKET S.A., nº de rexistro de entrada 5.013 de 21 de abril de 2010.

En data 23 de xuño, á vista da documentación presentada por estas empresas, se remite dende o Concello, de acordo ca cláusula 12.1 dos pregos de licitación, requirimento para que no prazo de dous días hábiles documentación complementaria respecto de omisións subsanables na citada documentación.

En Xunta de Goberno do 28 de xuño, de conformidade ca cláusula 12 dos pregos, procedeuse a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución do servizo. En consecuencia a Xunta de Goberno declara excluída a seguinte oferta, por canto toda a documentación remitida por MEDIA ARTICKET S.A. vai referida a outra empresa PRODUCCIONES Y ESPECTÁCULOS DE GALICIA S.L., cando a invitación foi remitida á primeira das citadas: MEDIA ARTICKET S.A.

A Xunta de Goberno declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta: NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L.

A oferta de NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L. presenta as seguintes características

- OFERTA ARTÍSTICA (Custos SGAE incluídos): Solas, Anxo Lorenzo, Ophiusa, Garma. Importe: 29.028,00 euros (Ive incluído).

- OFERTA DE PRODUCCIÓN: Cameríns, baños, xeradores eléctricos, persoal produción, hotéis, manutención e catering, equipo de son, backline, seguridade imprevistos, seguros de responsabilidade civil e de suspensión por causas climatolóxicas e produción da empresa. Importe: 18.731,40 euros (Ive incluído).

- OFERTA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN: Cartacería, radio, web, tarefas prensa, mailing promocional. Importe: 1.245,80 euros (Ive incluído).

PREZO TOTAL: 49.005,88 euros. (42.216,77 + 6.789,11 euros de IVE.).

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta era susceptible de mellora, a Xunta de Goberno, de conformidade co disposto na cláusula 12.2 dos pregos, acordou iniciar o proceso de negociación ca empresa NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L. respecto da oferta presentada.

En data 2 de xullo de 2010, NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L., presenta, nº de rexistro de entrada 5.434, documento ante o Concello, sinalando que acepta as condicións propostas polo Concello para a organización do XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo do comprometéndose a distribuír as actuacións previamente propostas da seguinte maneira:

Venres, 30 de xullo: Ophiusa + Garma (entre as 23:00h e as 02:00).

Sábado 31 de xullo: Anxo Lorenzo + Solas (entre as 23:00h e as 2:00h).

O resto das condicións son as previamente recollidas na oferta:

- OFERTA ARTÍSTICA (Custos SGAE incluídos): Solas, Anxo Lorenzo, Ophiusa, Garma. Importe: 29.028,00 euros (Ive incluído).
- OFERTA DE PRODUCCIÓN: Cameríns, baños, xeradores eléctricos, persoal produción, hotéis, manutención e catering, equipo de son, backline, seguridade imprevistos, seguros de responsabilidade civil e de suspensión por causas climatolóxicas e produción da empresa. Importe: 18.731,40 euros (Ive incluído).
- OFERTA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN: Cartacería, radio, web, tarefas prensa, mailing promocional. Importe: 1.245,80 euros (Ive incluído).

PREZO TOTAL: 49.005,88 euros. (42.216,77 + 6.789,11 euros de IVE.).

A Xunta de Goberno, á vista das condicións remitidas na última oferta, e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de servizos de organización, contratación artística, produción e publicidade da XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo, á empresa NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L. por importe total de CORENTA E NOVE MIL CINCO EUROS E OITENTA E OITO CÉNTIMOS (49.005,88 euros). (42.216,77 + 6.789,11 euros de IVE), e cas ofertas de produción e publicidade que se sinalan anteriormente.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 49.005,88 euros con cargo á partida 3340.22609 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que nos 10 días seguintes á notificación desta adxudicación, aporte a documentación requirida no apartado 15.1.1 dos pregos de licitación desta obra sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houberse presentado ca oferta.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante e notificalo aos licitadores.

9.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO PROGRAMA LEADER – GDR PONTEVEDRA-MORRAZO

O Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo convocou, entre outras, as axudas encadradas dentro da medida *Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida* do programa LEADER 2007-2013, e abriu o prazo para a recepción de solicitudes. Dentro desta medida poden solicitarse axudas para proxectos destinados a dar servizos para a economía e a poboación rural (actividades culturais e de lecer, implantación de servizos...), así como proxectos que contribúan á renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do seu patrimonio.

Visto que o Concello de Moaña forma parte do ámbito territorial cuberto polo GDR e destas axudas, e visto que a axuda para este tipo de proxectos (dirixidos a cubrir as necesidades da poboación rural e que respondan a unha visión comarcal) poden chegar a acadar o 100% do financiamento dependendo do proxecto –aínda que como norma xeral o promotor do proxecto sempre deberá facer algunha achega-,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acollerse a esta convocatoria e solicitar axuda para o proxecto “Rehabilitación do Centro Cultural Rosalía de Castro e Auditorio”, por un importe de 532.000,00 euros.

10.- VADOS

10.A) O ORAL solicita informe á Administración sobre recurso presentado por D. Manuel Fernández Juncal, referente ás taxas (vados) que figura a nome de Comunidade de Propietarios Daniel Castelao, 10, co obxecto tributario sito na Rua Daniel Castelao, Tirán, vado 102, no que solicita a emisión dun novo recibo por erro na taxa asignada, -xa que se trata dun baixo de 45 metros- e polo titular, xa que debe figurar a nome de D. Manuel Fernández Juncal..

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do 1 de xullo de 2010, no que indica que D. Manuel Fernández Juncal da rúa Daniel Castelao, 10 – 3º D, ten un baixo no mesmo edificio de 45 metros cadrados con vado permanente,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro:informar favoablemente sobre as alegacións do reclamante, e así modificar o obxecto tributario -substituíndoo por un baixo de 45 m-, o titular do vado nº 102: D. Manuel Fernández Juncal,
Segundo: Que se anulen os recibos pendentes de cobro e que se lle dea traslado ao ORAL do acordo tomado.

10.B) O ORAL solicita informe á Administración sobre recurso presentado por D. Manuel Rodríguez Ramallo, en representación da empresa Montajes Hermanos Ramallos, S.L. referente ás taxas (vados), co obxecto tributario sito na Rua Ramón Cabanillas, 8, vado 21, no que solicita a anulación do recibo de taxas do período 2006 por venda do inmovible no ano 2005. O organismo pide informe sobre o titular do vado.

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do 2 de xullo de 2010, no que indica que hai máis de tres anos que ese inmovible non existe porque foi demolido,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro:informar favoablemente sobre as alegacións do reclamante, e así anular o vado por demolición do inmovible,
Segundo: Que se anulen os recibos a partir do ano 2006 e que se lle dea traslado ao ORAL do acordo tomado.

10.C) O ORAL solicita informe á Administración sobre recurso presentado por D. Antonio Casqueiro Santiago, no que expón que recibiu por primeira vez unha notificación para pagar o vado 212 correspondente ao ano 2006. Indica que a pesar de ser a primeira notificación ten recargo e ademais o titular do vado está erróneo. Solicita pagar as taxas correspondentes sen recargo.

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do 1 de xullo de 2010, no que indica que na rúa Miguel Enríquez nº 14 – 1º, vive Antonio Vicente Casqueiro Santiago que ten un vado permanente, e non Antonio Pesquero Santiago.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: informar favoablemente a solicitude, e que se modifique o nome do titular do vado 212 a nome de D. Antonio Vicente Casqueiro Santiago,

Segundo: Que se anulen os recibos a nome de Antonio Pesquero Santiago e que se volvan emitir a nome do titular sinalado, e que se lle dea traslado ao ORAL do acordo tomado.

11.- TRÁFICO

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do Concello de Moaña do 26 de xuño de 2010, que di:

Que en relación coa solicitude da Asociación de Veciños de Sabaceda, relativa a sinalización do cruce da estrada de acceso a Xalde e Os Piñeiros coa estrada PO-313, a altura do bar Joni, por esta Policía infórmase que sería convinte prohibir o estacionamento nas inmediacións do cruce en ambas marxes (nunha lonxitude duns 8 metros), ben con sinais de prohibido estacionar ou pintando unha liña central divisoria de carriles de circulación e liñas continuas en ambas marxes de delimitación da calzada. Colocar un sinal de stop para os vehículos que proceden da Xalde e os Piñeiros se incorporen a estrada PO-313 e unha liña de detención. Colocación dun espello na estrada PO-313, para facilitar a visibilidade aos condutores que dende a estrada da Xalde e os Piñeiros se incorporen a estrada PO-313.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude de sinalización e remitir a Estradas a solicitude de colocación dun espello.

12.- CEMITERIOS

Dª Mercedes García González, por escrito con entrada o 3 de marzo de 2010, expón que por herdanza do seu pai recibiu dous nichos con dereito a cinceiro dun pateón no cemiterio de Moaña, o 2º e 3º comezando desde abaixo, e que o día 10 de febreiro comproulle o nicho que lle tocou ao seu irmán Alfonso, o 4º empexando a contar desde abaixo.

Visto o informe da encargada do negociado de cemiterios do 1 de xullo de 2010, que indica:

Informo que comprobados os libros de cemiterios municipais aparece D. ALFONSO GARCÍA PARCERO no Libro V do Cemiterio de Moaña, páxina 474, cun grupo de nichos núm. 64 de catro fornos na zona II de 1ª Clase

Como Mercedes presenta copia do testamento do seu pai, cedéndolle a ela os fornos 2º e 3º do Grupo de Nichos nº 64 da zona II de 1ª Clase a nome do seu pai Alfonso García Parcero, procede realizar o cambio de titularidade nos nichos en herdanza do pai.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar o cambio de titularidade por herdanza dos fornos 2º e 3º do Grupo de Nichos nº 64 da zona II de 1ª Clase de D. Alfonso García Parcero a D.ª Mercedes García González.

13.- TERRAZAS

Dª María Isabel Breijo Currás, de Hamburguesería Piscis, en Calvar 26, Domaio, solicita autorización para a instalación de terraza de 20 metros cadrados. Acompaña recibo de ter pagadas as taxas por importe de 480 euros por ocupación de vía pública.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación da terraza.

14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a seguinte conexión:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MARCOS GONZÁLEZ GONZÁLEZ	Saneamento, uso doméstico	Palmas, 192 - Domaio	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 09:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.